

UNIDADE SINGULAR

coa Técnica Complexa

O QUEBRACABEZAS





NIVEL EDUCATIVO: Educación Primaria

MATERIA: Ciencias Sociais.

TEMPORALIZACIÓN: 15/20 días.

UNIDADE DE APRENDIZAXE: 2º trimestre.

Descrición da tarefa (produto final) que realizará cada equipo base



Confeccionar unha sección do mapa de europa (coa información elaborada no grupo de expertos) previamente asignada a cada equipo (relacionado cos estándares CSB 1.4.1, 1.5.1, 1.8.1, 2.3.1, 2.4.1, 2.4.2 e 3.1.1)

Proposta de mellora: Definir con máis detalle o produto final da actividade

División do tema en catro/tres partes (ou subtemas). Cada parte asignaráselle a un membro de cada equipo base

- 1.- Mapa hidrográfico (ríos e vertentes).
- 2.- Mapa de relevo.
- 3.- Paisaxes de Europa.
- 4.- Climaxes de Europa

Descrición da(s) actividade(s) que realizará cada "equipo de expertos"

Equipo expertos 1 (triángulos)  Parte(subtema) 1: Mapa hidrográfico (ríos e vertentes).	Equipo expertos 2 (cuadrado)  Parte(subtema) 2: Mapa de relevo. Desdobraremos este equipo en dous de tres.	Equipo expertos 3 (cuadrados)  Parte(subtema) 3: Paisaxes de Europa. Desdobraremos este equipo en dous de tres.	Equipo expertos 4 (círculos)  Parte(subtema) 4: Climaxes de Europa
---	---	---	--

Material: Mapa impreso, tarxetas de nomes de ríos e vertentes de Europa. Actividade: Sobre un mapa mudo hidrográfico de Europa pegarán os nomes dos ríos e vertentes. Estrutura: Folio xiratorio	Material: mapa físico de Europa. Actividade: Sobre o mapa físico colocar o nome de todos os accidentes xeográficos. Estrutura: Folio xiratorio.	Material: Documentos, gráficos, mapas...e información variada das paisaxes de Europa. Actividade: Completar unha táboa cós diferentes apartados sobre a paisaxe de Europa. Estrutura: Lápicos ao centro	Material: Documentos, gráficos, mapas, climogramas...e información variada dos climas de Europa. Actividade: Facer un esquema sobre os climas de Europa. Estrutura: 1-2-4
---	--	--	--

Descrición da(s) actividade(s) que se realizará nos equipos base

Actividade: Cada experto expón no seu equipo base a información sobre o seu apartado Experto 1 en mapa hidrográfico Experto 2 relevo Experto 3 taboas da paisaxe Experto 4 climas
Estruturas: Lapis ao centro para colocarán os ríos e vertentes que lle explicou o experto 1 Lapis ao centro para colocar o relevo a partir da explicación do experto 2 Lapis ao centro → farán un esquema sobre o clima de Europa en concreto da sección que lles encomendaron, a partir das aportacións do experto 4. 1-2-4→ cubrirán unha ficha coas paisaxes da sección de Europa que lles tocou coa información proporcionada polo experto 3 A información resultante plasmarase no mapa xigante.

* DÚBIDA: A explicación do experto 1 ao grupo base é de todo o mapa ou só da sección de Europa do grupo base.

Só da sección de Europa que lle corresponde ao seu equipo base.

✳Se só “van” unha vez ao equipo de expertos non é preciso deixar todos os cadros que ten o esquema da estrutura. É suficiente, tal como che propoño nesta táboa.

Unicamente habería que engadir a temporalización de cada actividade con estruturas que se realiza no equipo base.

TRABALLO INDIVIDUAL AO REMATAR A ESTRUCTURA COMPLEXA:

Repartiranse un país a cada alumno e farán un traballo de investigación que inclúa:

Mapa do país, nome do país, bandeira, sistema político, capital, número de habitantes, pirámide de poboación, políticas medioambientais actuais.

DÚBIDAS sobre o deseño da actividade

-Que relación hai entre a actividade realizada coa estrutura complexa e o traballo individual proposto?

-O feito de ter realizado esta actividade coa estrutura cooperativa complexa proposta, contribuirá a que os alumnos/as melloren o seu desempeño na actividade que se lle propón de forma individual?

-Cales serán as actividades de avaliación?